



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Dereito internacional dos espazos | | Código | 612G01047 |
| Titulación | Grao en Dereito | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Dereito Público | | | |
| Coordinación | Sobrino Heredia, Jose Manuel | Correo electrónico | j.sobrino@udc.es | |
| Profesorado | Sobrino Heredia, Jose Manuel | Correo electrónico | j.sobrino@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>O Dereito internacional dos espazos é unha materia xurídico internacional onde se estuda o ámbito físico-espacial onde se desenvolven as relacións de coexistencia e de cooperación entre os distintos suxeitos internacional, especialmente, Estados e Organizacións internacionais.</p> <p>Estes espazos son, en primeiro lugar o territorio, soporte físico da soberanía do Estado e delimitado mediante fronteiras. Pero o territorio non é soamente a superficie terrestre, senón tamén a marítima e a aérea, de maneira que se examinan, igualmente, os espazos marítimos (tanto os suxeitos á soberanía do Estado como os que non) e o espazo suprayacente, isto é o espazo aéreo e o ultraterrestre. Ademais, nesta disciplina analízanse outros espazos de singular importancia, como son, os cursos de auga internacionais e os espazos polares. E, finalmente, como todos estes espazos comparten o mesmo medio ambiente, tamén se explica a protección xurídico-internacional do medio ambiente.</p> <p>O estudo desta materia permitirá ao estudante coñecer mellor unhas institucións xurídico-internacionais que dan lugar a unha práctica moi intensa e cunha proxección profesional, sen dúbida, moi destacada como son o Dereito do mar ou o Dereito aéreo. E, tamén, abordar cuestións cruciais para o futuro da Humanidade, como son o estado ambiental dos mares e dos océanos, o uso da auga doce, o quecemento global, a cuestión do Ártico e a Antártida, ou en fin, a existencia dun Patrimonio Común da Humanidade.</p> | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Seminario (computa na avaliación)- Traballos tutelados (computa na avaliación)- Proba obxetiva (computa na avaliación só para os alumnos que se acollen ao Modelo de avaliación B)- Sesión maxistral <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none">- Mantense a metodoloxía docente, pero substitúese a docencia presencial por unha docencia virtual, e as actividades prácticas realizaranse, tamén, por medios virtuais. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">- Microsoft Outlook- Moodle- TEAMS <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">- No se realizarán cambios, salvo que en la Modalidad B) el examen consistirá en un cuestionario a través de Moodle. <p>*Observacións de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios, salvo que na Modalidade B) o exame consistirá nun cuestionario a través de Moodle. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios. |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento das principais institucións xurídicas. |
| A2 | Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. |
| A3 | Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico. |
| A4 | Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos. |
| A6 | Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual. |
| A7 | Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. |
| A9 | Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais). |
| A10 | Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B6 | Aprender a aprender. |
| B7 | Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B8 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora. |
| B9 | Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. |
| B10 | Traballar de forma colaborativa. |



| | |
|-----|--|
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B13 | Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-----|-------------------------------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Coñecemento das principais institucións xurídicas. | A1 | | |
| Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. | A2 | | |
| Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico. | A3 | | |
| Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos. | A4 | | |
| Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual. | A6 | | |
| Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. | A7 | | |
| Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais). | A9 | | |
| | A10 | | |
| | | B2 | |
| Aprender a aprender. | | B6 | |
| B2 Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | B7 | |
| | | B8 | |
| | | B11 | |
| | | B13 | |
| | | B3 | |
| | | B4 | |
| Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. | | B9 | |
| Traballar de forma colaborativa. | | B10 | |
| Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. | | | C2 |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | C3 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | C8 |
| | | | C6 |
| | | | C7 |

| Contidos | |
|------------------------------------|--|
| Temas | Subtemas |
| Lección 1.- O territorio do Estado | 1. A competencia territorial do Estado 2. Concepto e natureza do territorio 3. Os modos de adquisición do territorio 4. A delimitación do territorio estatal 5. As modificacións no exercicio da competencia territorial do Estado |



| | |
|---|--|
| Lección 2.- A competencia territorial do Estado sobre certos espazos marítimos | <ol style="list-style-type: none"> 1. A evolución do Dereito do Mar: factores e intereses. 2. Os espazos marítimos suxeitos á soberanía dos Estados. <ol style="list-style-type: none"> A) Augas interiores. B) Mar territorial. 3. Os espazos marítimos suxeitos a certas competencias funcionais dos Estados. <ol style="list-style-type: none"> A) A zona contigua. B) A zona económica exclusiva. C) A plataforma continental. |
| Lección 3.- Os espazos marítimos non suxeitos ás competencias dos Estados e certas situacións especiais | <ol style="list-style-type: none"> 1. O alto mar. 2. A zona internacional de fondos mariños e oceánicos. 3. Análise de certas situacións especiais. <ol style="list-style-type: none"> A) Os estreitos internacionais. B) O arquipélago oceánico. C) Os Estados sen litoral e en situación xeográfica desvantajosa. |
| Lección 4.- Cooperación e conflito nos espazos marítimos | <ol style="list-style-type: none"> 1. A xestión e explotación dos recursos mariños: a pesca. 2. A seguridade e a protección marítima: catástrofes marítimas e pirataría. 3. As Organizacións internacionais e o Dereito do mar: A Política marítima integrada da Unión Europea. |
| Lección 5.- O espazo aéreo e o espazo ultraterrestre | <ol style="list-style-type: none"> 1. O espazo aéreo: concepto, delimitación e réxime xurídico. 2. O espazo ultraterrestre: concepto, delimitación e réxime xurídico 3. O réxime internacional das comunicacións. |
| Lección 6.- Cursos de auga internacionais | <ol style="list-style-type: none"> 1. Os cursos de auga internacionais. <ol style="list-style-type: none"> A) Réxime da navegación. B) Usos con fins distintos á navegación. 2. As canles internacionais. |
| Lección 7.- Os espazos polares | <ol style="list-style-type: none"> 1. O Artico. 2. A Antártida. |
| Lección 8.- A protección internacional do medio ambiente | <ol style="list-style-type: none"> 1. Evolución histórica. 2. Características do Dereito internacional do medio ambiente. 3. Principios do Dereito internacional do medio ambiente. 3. A protección xurídico-internacional do medio ambiente dos distintos espazos e dos recursos naturais. |

| Planificación | | | | |
|--|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario | A10 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B2 B3 B4 C2 C3 C6 C7 C8 | 12 | 20 | 32 |
| Traballos tutelados | B6 B7 B9 B10 C2 C3 C8 | 4 | 9 | 13 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9 B7 | 2 | 49 | 51 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9 | 16 | 0.5 | 16.5 |
| Atención personalizada | | 0 | 0 | 0 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Seminario | Traballos en grupo coa finalidade de que o alumnado estude un tema en concreto dunha maneira máis intensiva. |
| Traballos tutelados | Casos prácticos, cuestionarios e preguntas de reflexión sobre determinados contidos da materia, coas orientacións e tutoría do profesor. Poderán consistir nunha aprendizaxe cooperativa e poderán ir acompañados de foros de debate dirixidos. |
| Proba obxectiva | Exame final sobre os contidos da materia, a ser realizado soamente por aqueles alumnos que se acollen ao modelo de avaliación B (ver paso 7: avaliación). |
| Sesión maxistral | Explicación teórica na aula dos contidos fundamentais da materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>A atención personalizada resulta esencial para un mellor rendemento do alumno e unha mellor adquisición das competencias esixidas.</p> <p>Requírese unha participación activa do alumnado, tanto na aula como nas tutorías para que o profesor poida ter o maior número de elementos á hora de personalizar a docencia.</p> <p>No seu caso, estableceranse tutorías personalizadas e/ou en grupo para orientar aos alumnos no seguimento das sesións maxistrais, así como no desenvolvemento das diversas actividades da materia.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|---|---------------|
| Traballos tutelados | B6 B7 B9 B10 C2 C3 C8 | Valorarase a correcta execución formal e material das actividades prácticas expostas, prestando atención ao dominio dos contidos, pero tamén aos aspectos reflexivos e expresivos, así como á adquisición das diversas competencias da materia. | 70 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A3 A4 A6 A7 A9 B7 | Valorarase o coñecemento e dominio dos contidos non soamente memorístico senón tamén reflexivo, así como a adquisición das diversas competencias da materia. | 10 |
| Seminario | A10 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B2 B3 B4 C2 C3 C6 C7 C8 | Valorarase a correcta execución formal e material das actividades prácticas expostas, prestando atención ao dominio dos contidos, pero tamén aos aspectos reflexivos e expresivos, así como á adquisición das diversas competencias da materia. | 20 |

Observacións avaliación

En canto ao sistema de avaliación en xeral, establécese un sistema de avaliación continua, que consistirá nunha serie de actividades dirixidas durante todo o cuadrimestre, que serán, fundamentalmente, seminarios e traballos tutelados, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.

MODELO DE AVALIACIÓN A): Necesariamente, os alumnos deberán realizar as actividades complementarias previstas na programación das actividades da materia. O nivel mínimo esixido para a superación da actividade dirixida será dunha cualificación global de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada. Os alumnos poderán beneficiarse das cualificacións obtidas nas actividades dirixidas durante as convocatorias ordinarias e/ou extraordinarias ás que teñan dereito no curso académico correspondente. Así mesmo, para a cualificación global valoraranse positivamente outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do cuadrimestre, como xornadas, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terán en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, as tutorías e nas demais actividades da materia. Ademais, aqueles alumnos que desexen obter a cualificación de "Sobresaliente ou Sobresaliente MH" deberán realizar unha proba obxectiva sobre o coñecemento da materia ben de forma escrita ou ben de forma oral.

MODELO DE AVALIACIÓN B): Os alumnos que non poidan seguir o Modelo de avaliación A) deberán realizar un exame final sobre os contidos da materia, cuxa cualificación máxima será de 10 puntos sobre 10. Así mesmo, para a cualificación global valoraranse positivamente outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do cuadrimestre, como xornadas, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terán en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, as tutorías e nas demais actividades da materia.



Fontes de información

| | |
|---|---|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - SOBRINO HEREDIA, J. M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch - SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch - ANDRÉS SÁENZ DE SANTA MARÍA, P. (2018). Sistema de Derecho Internacional Público, 5ª ed.. Civitas-Thomson Reuters - DÍEZ DE VELASCO, M. (2013). Instituciones de Derecho Internacional Público, 18ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos - PASTOR RIDRUEJO, J. A. (2015). Curso de Derecho Internacional Público y Organizaciones Internacionales, 15ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos - SOBRINO HEREDIA, J. M. (DIR.) (2011). Sûreté maritime et violence en mer / Maritime Security and Violence at Sea. Bruxelles: Ed. Bruylant - SOBRINO HEREDIA, J. M. (DIR.) (2014). La contribution de la Convention des Nations Unies sur le droit de la mer à la bonne gouvernance des mers et océans. La contribución de la Convención de las Naciones Unidas sobre el derecho del mar a . Napoli: Ed. Scientifica - OANTA, G.A. (2019). Textos jurídicos para el estudio de la Política marítima integrada de la Unión Europea. Barcelona: Bosch Editor |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <p>RECURSOS WEB: ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS (ONU) www.un.org DIVISIÓN DE LA ONU SOBRE ASUNTOS OCEÁNICOS Y DEL DERECHO DEL MAR http://www.un.org/Depts/los/index.htm CONVENCIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS SOBRE EL DERECHO DEL MAR http://www.un.org/Depts/los/convention_agreements/convention_overview_convention.htm TRIBUNAL INTERNACIONAL DE DERECHO DEL MAR (TIDM) http://www.itlos.org/ CONSEJO ÁRTICO: http://www.arctic-council.org/index.php/en/ COMITÉ CIENTÍFICO SOBRE LA INVESTIGACIÓN DE LA ANTÁRTIDA (SCAR, EN INGLÉS) http://www.scar.org/ ORGANIZACIÓN DE LA AVIACIÓN CIVIL INTERNACIONAL (OACI) http://www.icao.int/Pages/default.aspx</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito Internacional Público/612G01019

Dereito da Unión Europea/612G01021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de Grao/612G01031

Observacións

Máster Universitario en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial (MUDDIA)

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías